

REGULAMENTO REXISTRO
MUNICIPAL DE UNIÓNS DE FEITO

Oficial da provincia—, poidan examina-lo expediente na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar, e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Dozón, a 16 de outubro de 2003.—O Alcalde, ilexible. 8346

* * *

B U E U

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión de data 06.08.03 o Regulamento do Rexistro Municipal de Unións de feito do Concello de Bueu, e publicado anuncio de exposición pública para a presentación de alegacións no prazo de trinta días dende a súa publicación no B.O.P. número 175 de data 11.09.03, sen que se tiveran presentado, enténdese aprobado definitivamente, procedendo á súa publicación íntegra no B.O.P., ós efectos do disposto no art. 70.2 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

REGULAMENTO REXISTRO MUNICIPAL DE UNIÓN DE FEITO DO CONCELLO DE BUEU

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O libre desenvolvemento da personalidade e a igualdade ante a lei, que constitúen principios fundamentais do noso ordeamento xurídico e social, demandan de tódolos poderes públicos, e polo tanto tamén do local, a promoción das condicións para que esa liberdade e igualdade dos cidadáns e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivos, debendo ser removidos os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude (arts. 1.1, 9.2, 10.2 e 14 da Constitución).

Asimesmo, no libre e lexítimo exercicio da súa autonomía personal todo home e muller ten dereito a constituir, mediante unha unión afectiva e estable de convivencia, unha comunidade de vida que de lugar á creación dunha familia, protección que garante o art. 39 da Constitución, que establece a obriga dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sin que nel exista referencia algunha a un modelo de familia determinado.

Se ben historicamente a unión entre as parellas tense manifestado a través da institución do matrimonio, no desenvolvemento actual da sociedade os modos e xeitos de convivencia expóñense de xeito plural, comprobando a alta porcentaxe de parellas que optan por establecer a súa comunidade afectiva e estable de vida a marxe do matrimonio, sin que por iso se deba minusvalorar a calidade humana e social das súas relacións persoais.

Estas unións de feito e as familias que delas se derivan deben gozar de idéntica protección social, económica e xurídica que as matrimoniais, a fin de garantir o respecto e a promoción dos anteditos principios fundamentais de libre desenvolvemento da personalidade e da igualdade de tódolos cidadáns.

Sen embargo a resposta legal e xurídica a esa realidade social de unións non matrimoniais é tímida, vacilante, incompleta, fragmentaria e, en demasiadas ocasións contradictoria, o que supón para os cidadáns situacións de auténtico desamparo xurídico e de lamentables inxusticias en ámbitos tan distintos como o civil, o administrativo, o fiscal, social... etc.

A esixencia constitucional de igualdade e liberdade está dirixida a tódolos poderes públicos e por iso, mentras non se dé unha resposta lexislativa nos diversos ámbitos competenciais a esta cuestión, e sen prexuízo dunha aplicación analóxica ou interpretación xudicial da realidade social do noso tempo (arts. 3 e 4 CC), dita obriga recae nas Administracións Públicas Locais, condicionada na prestación de servizos e mellora dos mesmos, polo que procede que o Concello de Bueu aprobe un instrumento xurídico que favoreza a igualdade e garantice a protección social, económica e xurídica das familias constituídas mediante unións non matrimoniais.

En todo caso, o funcionamento do Rexistro deberá salvaguardar no marco da lexislación vixente o dereito á intimidade das persoas.

ARTIGO 1.—OBXECTO

Ponse en marcha o Rexistro de Parellas de feito do Concello de Bueu para o cumprimento das competencias propias deste.

O Rexistro terá carácter administrativo e se rexerá polo presente acordo e demais disposicións que poidan dictarse para o seu desenvolvemento.

ARTIGO 2.—ÁMBITO

Serán obxecto de inscrición no presente Rexistro as relacións de convivencia en parella de forma libre, vinculadas de forma estable, existindo unha relación de afectividade, con independencia do seu sexo e sendo maiores de idade ou menores emancipados.

ARTIGO 3.—INSCRICIÓN

A inscrición realizarase previa solicitude conxunta e voluntaria dos seus membros, no modelo oficial aprobado pola Corporación acompañada da seguinte documentación:

— DNI dos solicitantes ou tarxeta de residencia.

- Certificado do estado civil dos membros da unión.
- Certificado de empadronamento dos membros.
- Declaración de non ter relación de parentesco, por consanguinidade ou adopción en liña directa ou colateral, ata o segundo grado.
- Declaración de non formar parella estable con outra parella.
- Declaración de non estar incapacitado para a prestación do consentimento requerido.
- Declaración responsable de non figurar inscrito como membro doutra unión de feito en calquera Rexistro de similares características ó presente.

ARTIGO 4.—CANCELACIÓN

A disolución da parella obrigará ós membros da mesma á comunicala ó Rexistro Municipal, bastando con que o solicite un dos membros.

Será causa para proceder á cancelación da inscrición:

- Por mutuo acordo.
- Por morte ou declaración de falecemento de un dos seus integrantes.
- Por matrimonio de un dos seus membros.
- Pola vontade unilateral de un dos membros da parella, notificada fehacientemente ó outro.

A disolución da parella poderá acreditarse a través de calquera medio de proba admitido en dereito.

Non se recoñecerá a existencia de outra parella de feito mentras non se houbera procedido á cancelación da inscrición rexistral anterior.

ARTIGO 3.—PUBLICIDADE

A publicidade do Rexistro Municipal de parellas de feito quedará limitada exclusivamente á expedición de certificacións a instancias de calquera dos membros da parella interesados, ou dos Xuíces ou Tribunais de Xustiza, coas limitacións e nos termos establecidos na Lei Orgánica 5/1992, do 29 de outubro, de regulación de Tratamento Automatizado de Datos de Carácter Personal e no art. 37 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, referentes a datos de carácter personal que afecten dalgún xeito á intimidade ou privacidade das persoas físicas.

ARTIGO 4.—GRATUIDADE

As inscricións que se practiquen serán totalmente gratuítas. Respecto ás certificacións que se expidan haberá que estar ó establecido nas co-

rrespondentes Ordenanzas fiscais do Concello de Bueu.

ARTIGO 5.—ÓRGANO COMPETENTE

O Rexistro Municipal de Parellas de feito adscríbese á Secretaría Xeral do Concello de Bueu, puidendo delegarse a súa adscrición e xestión administrativas en calquera outra unidade administrativa do Concello.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Recoñécese a equiparación das parellas de feito inscritas no Rexistro Municipal de Parellas de Feito de Bueu, respecto dos matrimonios, en canto se refire ós dereitos do persoal ó servizo da Corporación para licencias, permisos e en xeral ós dereitos de calquera veciño, en canto afecte a decisións ou situacións de exclusiva competencia municipal e non sexan contrarias ó ordenamento xurídico.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Queda aprobado o modelo de solicitude que figura como anexo ó presente Regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva, publicación no Boletín Oficial de Pontevedra, sempre que transcorra o prazo establecido no art. 65.2 da Lei 7/1985.

En Bueu, 23 de outubro de 2003.—O Alcalde-Presidente, Félix Juncal Novas. 8354

* * *

A ESTRADA

EDICTO

INFORMACIÓN PÚBLICA

Segundo artigo 30.2.a do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de novembro de 1961.

Prazo: 10 días hábiles.

ACTIVIDADE

Instalación emisora GLP cun depósito de 4,88 m³ aéreo e instalación receptora para granxa de polos en Rivela interesada por Avícola Arnado C.B.

OBXECTO

Proxecto visado con data 29.07.03 redactado polo Enxeñeiro Técnico don José Luis Sanz Acosta.

A Estrada, 15 de setembro de 2003.—O Alcalde, Ramón Campos Durán. 8373